



Clasificación

Reino Animalia
Filum Cnidaria
Clase Anthozoa

Subclase Hexacorallia
Orde Scleractinia
Familia Dendrophylliidae

Descrición

Coral duro solitario de esqueleto calcario, baixo, normalmente cilíndrico e cáliz circular, alcanza un diámetro máximo de 15 milímetros. O seu esqueleto é moi poroso, tanto o cáliz como a columela. Posúe 48 septos dispostos en 4 ciclos; algúns septos converxen e únense, mostrando unha estrutura estrelada típica. A columela é moi fráxil e normalmene é alongada e estreita, aparentando ser o soporte dos septos que se unen a ela. O póipo ten 48 pequenos tentáculos translúcidos, con pencas amarelas douradas, vermellas ou alaranxadas, sen bóliñas finais, que cando os ten expandidos, co seu disco oral, pode chegar a alcanzar un diámetro de 25 milímetros. Cor amarela ou laranxa brillante.

Hábitat e Bioloxía

Desde a zona de baixamar ata os 25 metros de profundidade, en covas ou paredes e en zonas de correntes entre moderadas e fortes. Especialmente busca augas limpas e osixenadas, polo que é máis común nas partes exteriores das rías. É un voraz carnívoro que é capaz de comer incluso a outros hexacorais do seu mesmo tamaño.



Especies semellantes

Leptosammia pruvoti Lacaze-Duthiers, 1897, xeralmente é máis alto e maior diámetro, ademais ten 96 tentáculos e os seus tecidos son menos translúcidos.

Distribución

Desde o norte das Illas Británicas ata o golfo de Guinea, incluídas as Illas Canarias e o Mediterráneo.



Curiosidades

O nome da especie, *regia*, é un epíteto latino que significa 'real', 'do rei' e refírese ao parecido da súa forma cunha coroa real.